

A NEFASTA IMPLANTACIÓN DA LOMCE MARCA O COMEZO DO CURSO

O curso 2014-2015 despediuse cos centros educativos de secundaria reclamando insistentemente instrucións claras sobre a implementación da LOMCE en primeiro e terceiro da ESO e en primeiro de Bacharelato. A aparente tranquilidade, de cara a opinión pública, coa que comezou o curso 2015-2016 agocha, porén, unha actividade frenética nestes centros para dar resposta a multitude de situacións que a consellaría non foi quen de prever pola improvisación e urxencia coa que actúa cando se trata de ser “os primeiros da clase” no tocante á aplicación do calendario LOMCE.

Así, as instrucións demandadas non se enviaron aos centros ata a última semana de xullo, o que obrigou aos equipos directivos a traballar durante o mes de agosto para poder garantir certo grao de normalidade en procesos como a optatividade na matrícula do alumnado ou o reparto de materias por departamentos. A esta cerimonia de confusión contribuíu tamén o MEC, ao non publicar ata o 18 de xullo o Real Decreto de Especialidades. Cómpre lembrar que o borrador deste decreto desatara, meses antes, a indignación nos claustros educativos, xa que contemplaba, entre outras pérolas semellantes, a posibilidade de que o profesorado de Filosofía impartise Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.

Outra mostra da precipitación e absoluto desprezo pola planificación do que fai gala a consellaría foi a publicación do currículo de secundaria o 29 de xuño, sen dar tempo aos departamentos a estudalos e adaptalos ás súas programacións. Currículo que, como se sabe, foi rexeitado polo Consello Escolar de Galicia, máximo órgano de representación da comunidade educativa.

A aplicación da LOMCE estase a facer, xa que logo, do peor xeito posible: sen formación nin información, o que se reflicte na caótica elaboración de programacións didácticas entre o profesorado que observa, unha vez máis, como se planifican reformas educativas sobre o papel de costas á experiencia docente. Así, agárdase do profesorado que dedique horas e horas a determinar o “grao mínimo de consecución duns estándares de aprendizaxe” dos que non puido opinar nada. Se ben, detallar cal vai ser o nivel esixido para considerar que un obxectivo didáctico está superado debería ser unha tarefa que incitase á reflexión sobre a inadecuación de parte dos actuais criterios – de tomarmos en consideración os resultados en PISA e as taxas de suspensos- resulta moi dubidoso que este vaia ser o resultado acadado. O tan necesario debate sobre a avaliación, unido ao dos contidos, quedará adiado, se non sepultado, pola urxencia de remitir á inspección unhas programacións adaptadas á LOMCE en tempo e forma, así sexan máis produto das editoriais que dun xenuíno propósito de revisar a práctica educativa. Nin que dicir ten que o feito de viren estas propostas da man dunha lei considerada por toda a comunidade educativa como regresiva e lesiva para o alumnado, non contribúe a crear unha actitude cooperativa e ilusionante entre o profesorado.

Desde NEG queremos salientar a gravidade do acontecido en Bacharelato coa materia de Relixión, que pasa non só a ser avaliable como consecuencia da entrada en vigor da LOMCE, senón que se transformou de facto en obrigatoria para o alumnado que queira cursar, entre as optativas, unha materia de 3 horas e outra de 2, o que lle obriga a coller unha materia de 1 hora para completar as 6 horas obrigatorias. O feito de que a Consellaría non garanta que todos os centros educativos oferten unha materia optativa dunha hora, ten como efecto inmediato a obrigatoriedade de escoller Relixión (1 hora) ou modificar a escolla das demais optativas.

A recente noticia sobre a intención da universidade de León de forzar a un grupo de alumnas e alumnos do Grao de Educación Infantil a cursar Relixión como materia optativa – co argumento de que non hai alumnado abondo matriculado para ofertar outras optativas - amosa claramente os avances dunha involución ideolóxica que non ten reparos en vulnerar dereitos fundamentais con tal de frear a perda de influencia da relixión católica na sociedade. É obvio que estes “avances” non serían posibles sen a complicidade de gobernantes que lexislan normas á medida das esixencias da Conferencia Episcopal, que tanto lles ten axudado a chegar ao poder.

A sensación de improvisación e desleixo que denunciámos previamente na xestión deste comezo de curso tamén chegou ás familias no tocante aos libros de texto e material curricular. A negativa da Consellaría a recoñecer o erro que supuxo a eliminación do préstamo universal e substituílo por axudas directas ás familias – fórmula máis cara e da que se beneficia menos alumnado- levou a unha situación coma a do curso actual, na que conviven os “fondos solidarios” de libros creados nos centros, coas axudas directas – e escasas- ás familias, dependendo do curso no que se atope a alumna ou alumno. As instrucións confusas, e mesmo irracionais, levaron a situacións de perda do dereito a recibir calquera tipo de axuda por parte de alumnado repetidor, ao non preveren as familias a posibilidade de repetir, en xullo, cando fixeron a solicitude correspondente para os libros.

A xestión dos fondos de libros de texto e das axudas económicas para material escolar é tamén responsable directa da situación de case colapso nas que se tivo que afrontar o comezo de curso 2015-2016. E chove sobre mollado, porque a traxectoria errática desta consellaría co desaguisado creado ano tras ano arredor deste tema, alimenta a confusión e indignación entre as familias, moitas delas absolutamente incapaces de facer fronte pola súa conta aos custes de comezar un novo curso.

A situación en Primaria e Infantil non é máis positiva... A introdución nos centros educativos do proxecto E-DIXGA –implantación dos libros de texto dixitais- non está a ser como conta a Consellaría na súa páxina web.... A plataforma EVA amosa continuas deficiencias de acceso, de carga de recursos -centralizados en dúas editoriais- e de operatividade, que dificultan o comezo do curso escolar nos centros adheridos ao programa. Ademais, aínda non está en funcionamento a versión *off-line* dos recursos, o que supón que o alumnado que non conta con conexión á rede no seu domicilio non pode acceder a eles. Temos, xa que logo, a fenda dixital promovendo a desigualdade entre o alumnado debido á mala planificación da consellaría.

E se falamos das avaliacións finais individualizadas do alumnado, o punto máis polémico da deostada LOMCE, está prevista a realización este curso da proba correspondente ao final da educación primaria, sen que ata o momento os centros educativos contan coa máis mínima referencia sobre o desenvolvemento e a estrutura do proceso. Corremos o risco, ante a falta de consenso e de base pedagóxica (máis ben centradas en mellorar nas estatísticas internacionais), que se convertan nunha mera análise de datos ou nunha vía para o establecemento de catalogacións desafortunadas, tanto do alumnado como dos centros educativos.

Mentres a LOMCE introduce novas problemáticas no ensino, as inducidas polos recortes iniciados hai xa un lustro, seguen sen se resolver: unha diminución constante de recursos, tanto económicos como materiais ou persoais, aumento constante da *ratio* de alumnado por aula; centros educativos que cada vez contan con menos unidades - 48 ata o momento na educación infantil e primaria-, e escolas que desaparecen -13 en total-, amosando que aínda que as leis contemplan a posibilidade dunha especial protección para o educación no medio rural, a acción política está moi lonxe de comprometerse activamente co seu desenvolvemento.

Feitos e sinais que son o contrario dunha escola pública de calidade que garanta a igualdade de oportunidades, a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación, principios fundamentais que non veñen dados só con formulalos e que é necesario construír entre todos, incluída a Administración Educativa.